

LISTA DE AGARDA ÚNICA – ESCOLAS INFANTÍS.- CONVOCATORIA CURSO 2026-2027

NOTA IMPORTANTE:

Segundo as Bases reguladoras do proceso de admisión nas escolas infantís integradas na rede de escolas municipais infantís, o artigo 3.6 de criterios de asignación de prazas, esta será adxudicada na primeira ou segunda opción solicitada e implica a súa aceptación, salvo renuncia expresa, no caso de renuncia, poderá solicitar entrar na lista da agarda, asignándolle o posto que lle corresponda na actualización da lista de agarda única.

En caso de renuncia expresa deberá presentarse por rexistro electrónico do concello da Coruña (<https://sede.coruna.gob.es>) ou presencialmente en calquera dos rexistros do Concello ou por calquera outro medio dos establecidos no artigo 16 da Ley 39/2015 do 1 de Outubro do Procedemento Administrativo Cómún das Administracións Públicas, no prazo de 3 días hábiles a contar desde o día seguinte ao que se publique este listaxe definitivo **(1 ao 3 de xullo)**.

No caso contrario, a persoa interesada decaerá da súa solicitude e do dereito á praza e ofertaráselle á seguinte persoa solicitante en lista de agarda única por rigorosa orde de puntuación.

Consonte ao artigo 4 das bases reguladoras, xenerarase unha lista de agarda única, elaborada por grupos de idade, estando formado por aquelas solicitudes de nova admisión presentadas dentro do prazo establecido, que non obtiveron praza ou que renunciaron a ela, ordenadas segundo o posto e a puntuación alcanzada conforme aos criterios de prioridade e baremación regulados nestas bases.

As vacantes que se produzan durante o curso escolar nalgunha das escolas infantís municipais cubriranse coa lista de agarda ofertando as prazas vacantes por orde. Ofertaranse vacantes en calquera das escolas infantís municipais por se fose de interese para a familia. Se non se acepta, continuarase na lista de agarda única na mesma posición para un futuro chamamento.

O chamamento da lista de agarda farase dende o Servizo Municipal de Educación. De non haber resposta no prazo máximo de tres días hábiles desde o día de remisión da mensaxe do correo electrónico, contactarase coa seguinte solicitude que lle corresponda por orde.

A páxina web do servizo de educación manterá a lista actualizada coas posibles solicitudes presentadas fóra de prazo por circunstancias excepcionais, como regula o artigo 7 das bases, ou outras circunstancias que motiven a súa actualización, como posibles renuncias, admisión de prazas, baixas, etc. A lista de agarda será válida até o 31 de decembro do 2026 e non se realizarán máis chamamentos a partir desa data.

A formalización da matrícula, unha vez aceptada a vacante, deberá tramitarse directamente na escola infantil asignada. Unha vez aceptada a vacante e formalizada a matrícula, causará baixa na lista de agarda.

É responsabilidade de cada solicitante manter actualizados os datos de localización (teléfonos, dirección, email, etc) que se achegaron no seu día coa solicitude da praza.